



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A CELEBRACIÓN DA EXPOSICIÓN “MESTRE MATEO” NO PAZO DE XELMÍREZ.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Catedral de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Catedral de Santiago para a celebración dunha exposición temporal sobre a figura e obra do Mestre Mateo que se celebrará no Pazo Xelmírez en Santiago de Compostela durante o período comprendido entre os meses de xullo de 2017 e febreiro de 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.





Segundo.- Que a Fundación Catedral Santiago ten entre os seus fins, a promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural, así como a xestión, explotación e posta en valor das infraestruturas da Catedral de Santiago, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural.

Terceiro.- A celebración no ano 2015, por primeira vez, do Día das Artes Galegas, impulsado pola Real Academia Galega de Belas Artes e centrado no Mestre Mateo, foi a ocasión para realizar diversas actividades de difusión centradas na súa figura e obra.

Con motivo desta efeméride, a Real Academia Galega de Belas Artes, promotora da iniciativa e a Fundación Catedral de Santiago, institución responsable da xestión do Museo Catedral, no que se conserva o principal fondo artístico sobre o Mestre Mateo, puxo en marcha un programa de investigación, posta en valor e difusión da figura e obra deste artista polifacético clave a Catedral e a historia de Galicia. Neste senso, expúxose a oportunidade de realizar unha exposición monográfica temporal con obras de Mateo pertencentes ás coleccións de arte da Catedral, incorporando pezas doutros prestadores externos; unha mostra marcada pola excelencia das obras reunidas e por tratarse da primeira vez que poderán verse reunidas desde a desaparición da fachada mateana do Pórtico da Gloria.

Inicialmente, o proxecto expositivo Mestro Mateo concibiuse para a itinerancia Santiago de Compostela-Madrid. Por cuestións organizativas, finalmente celebrouse primeiro no Museo Nacional do Prado, cun total de 1.133.071 visitantes, e proximamente está prevista a montaxe da exposición no Pazo de Xelmírez, sede de exposicións temporais do Museo Catedral de Santiago. Deste modo, o público de Galicia e os miles de turistas que visiten Compostela nos próximos meses, poderán gozar tamén dunha exposición única e irrepetible.

Cuarto. A través deste convenio, outórgase a Fundación Catedral de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

